

## **A OV430 presenta ‘As 4 estacións segundo Piazzolla’**

- **A OV430 presenta o seu segundo concerto do Ciclo de Outono 2021, este domingo 24 de outubro, ás 12:00 horas, no Auditorio Martín Códax do CSM Vigo**
- **“As 4 estacións segundo Piazzolla”, coa solista Raquel Areal e Roc Fargas á batuta**
- **A entrada será gratuíta mediante reserva, que pode formalizarse en [reservas@vigo430.com](mailto:reservas@vigo430.com) ata completar aforo**
- **Grazas á colaboración establecida con Tolemias, os concertos poderán seguirse en streaming**

A programación da OV430 non se detén. Este domingo día 24, chega a segunda cita do Ciclo de Outono 2021. A partir das 12:00 horas, no Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo, a orquestra presenta ‘As 4 estacións segundo Piazzolla’.

Un concerto cun programa homenaxe ao compositor arxentino Astor Piazzolla no centenario do seu nacemento. A OV430 interpretará a súa particular versión de ‘As catro estacións porteñas’ co arranxo desenvolvido por Leonid Desyatnikov para achegalas, máis se cabe, ás ‘Cuatro estaciones’ de Vivaldi.

Nesta ocasión, a orquestra contará coa violinista tudense Raquel Areal, unha das solistas galegas máis recoñecidas do momento. Ademais, á batuta estará o director Roc Fargas, que vén de cultivar un gran éxito na estrea da Ópera “María Soliña”.

A entrada será gratuíta ata completar aforo, pero será necesario efectuar unha reserva enviando un correo electrónico -indicando os datos persoais dos asistentes- a [reservas@vigo430.com](mailto:reservas@vigo430.com). Ademais, grazas á colaboración establecida con Tolemias, o concerto poderá seguirse en streaming ao que pode accederse desde [vigo430.com](http://vigo430.com).